

VIERNES, 17 de junio de 2011

EPISODIOS GALEGOS | LUCES

## Somos o que comemos ou somos o que lemos?

MANUEL RIVAS | 17 JUN 2011

Todo é linguaxe. Somos o que falamos. Somos o que calamos. Somos o que lembramos. Somos o que esquecemos. Somos o que odiamos. Somos o que amamos. Somos o que lemos. Somos o que non lemos. Verbo diso, hai esa maledicencia irónica de que os escritores contemporáneos non se len: vixíanse. Mais eu non estou de acordo. Somos o que comemos. E do que máis gusta quen escribe é da substancia de escritor.

Un non come o que despreza. Se un vai á libreira Couceiro, poñamos por caso, e pide unha vitela de poeta é por goce e non por amolar. Un gorenta aquilo que valora e envexa. Porque a envexa literaria, cando non é unha patoloxía ruín, é como a envexa mariñeira. A que se ten por quen encontra as coordenadas dun almeiro.

E que hai de malo en que a xente celebre a festo do grelo, da castaña ou da mincha? Existe esa sabedoría popular. Na Galiza as vacas son tan sagradas que por iso se comen. E a que vén a querenza apaixonada, ese *amour fou*, que o galego sente polo polbo? Pois xustamente porque é o invertebrado que máis se asemella ao ser humano. Se o galego fose invertebrado, estaría el no prato. E no fondo sábeo. Por iso o comer o polbo, ben servido, no campo da feira ou nun eirado, ten esa atmosfera de ritual comunitario. É un goce, mais tamén un sacrificio. O que os galegos comen cando comen o polbo é un galego submarino condimentado.

Xa saúdamos aquí a feliz aparición de *Cociñando ao pé da letra (Entra na literatura galega...ata a cociña)*, volume coordinado por Yolanda Castaño e con retratos fotográficos de Andrea Costas, auténtico *body-art*, pois cada un deles ten a factura de xenial *performance*. Ser é todo de proveito, divertido, informativo e saboroso. Mais eu acho unha falla, unha ausencia, unha saudade. Non hai ningunha receita na que o ingrediente sexa o escritor mesmo. Un churrasco dramático. Unha empanada histórica. Un solombo artúrico. Un fígado de serie negra. Nos tempos máis escuros, tivemos unha antropofaxia negativa cara ao escritor. Xa o contou Curros, cando retratou ás forzas escuras, o Moloch integrista, rilando en carne e óso as luces da Ilustración e Rexurdimento. *O divino sainete*, o primeiro gran esperpento!

*I así, pra min estendendo  
anacos do seu almorzo,  
todos fóronme ofrecendo  
con crianza e fidalguía,  
talladas de Oxea, Vicetto,  
Lamas, Pondal, Rosalía.  
Mirando aqueles horrores,*

*vendo que trato merecen*

*os artistas i escritores,*

*suspirei con triste xesto:*

*"¡Pardiola! ¡Non val a pena*

*de amar a patria pra esto!"*

O que mostran os retratos de Andrea Costas é que o tempo mudou cara a unha antropofaxia positiva verbo dos creadores en boa parte da sociedade. E con sentido de humor ben podemos dicir, cando chega unha novidade literaria, o que o indio tupí cando viu chegar ao bispo Sardinha: "*Lá vem a nossa comida pulando!*".

O caso é que temos unha vizosa literatura gastronómica. Unha maxistral tradición de clásicos, con fogón no Parnaso: Emilia Pardo Bazán, Picadillo, Álvaro Cunqueiro... Mais a tradición morre se non hai convulsión, aínda que a cociña é un lugar para revolucións tranquilas. E velaí as temos nos últimos tempos cos libros de receitas na proa da industria editorial. No sentido máis literal, a literatura gastronómica alimenta a cultura galega. Estes éxitos do padal están a actuar como abastecedores para manter a biodiversidade.

Nestes tempos difíciles, de abandono e desleixo das institucións creadas para recuperar o tempo perdido, pero que non fan máis que provocar avarías na clepsidra da historia, un acaba confiando nunha especie de intelixencia secreta da lingua e da cultura para urdir estratexias de supervivencia e reinvención. Así, un libro de cociña pode permitir que se publiquen apostas poéticas ou ensaios valentes e fronteirizos, esas novas especies que nacen minoritarias mais que son imprescindíbeis para a enerxía renovábel dun país que non apague a luz.

Temos, pois, unha acollida entusiasta para a literatura gastronómica. En lugar de achicarse polas adversidades, cómpre agora reconverter ese entusiasmo gastronómico para a lingua e as creacións literarias. Por dicilo así, hai que contaxiar de goce gastronómico todos os eidos, todos os cultivos, mesmo as especies literarias máis picantes. Que na nosa poesía estea o espírito dos pementos de herbón, que nela salten as troitas do viño ribeiro, que a narrativa teña a oralidade telúrica do mencia, a condensación esférica da pataca, que nela se escoite o vento mareiro do albariño, o longo alento da odisea do bacallau. E así.

E hai que espallar o movemento *verbívoro*. As verbas galegas están desexando ir ás bocas de toda a xente, mesmo das bocas pechadas con cadeado que se perden os sabores das verbas que teñen a carne das cereixas e o arrecendo das glicinias que se enredan nos séculos.

Hai que cambiar a ollada. Facer literatura coa gastronomía, mais tamén gastronomía coa literatura. Durante moito tempo a intelectualidade máis elitista, e algo repugnante, tratou con distancia e burla a querenza popular polas festas gastronómicas. E que hai de malo en que a xente celebre a festa do grelo, da castaña ou da mincha?

Certo que as autoridades da escola de caciques se teñen aproveitado moito destas festas. Mais podemos ver as cousas doutro xeito. Non é o pobo o que homenaxea ás autoridades, senón estas as que teñen que ir onde o pobo. As que teñen que agasallalo. E fora destes artificios de poder, a xente vive as festas como un goce comunal dos froitos da terra. Son festas igualitarias onde ninguén é máis que ninguén. E o rei? O rei é o polbo. Por iso comémolo.

Un dos intres simbólicos máis revolucionarios e suxestivos da historia de Galicia foi un banquete. O banquete de Conxo. Alí onde confraternizaron estudantes e artesáns, librepensadores todos, solidarios, coa utopía dunha sociedade demócrata e igualitaria. Foi

en 1856, coa lembranza dos mártires de Carral, asasinados unha década antes, na frustrada revolución galega de 1846. Aínda retumba na mellor memoria do país, nos recantos indómitos da paisaxe mental, o brindado de Aurelio Aguirre naquel banquete de Conxo. Un brindado no que puxo de exemplo a Cristo: *"Al nacer de un honrado carpintero / desnudo en un portal, lección sublime / ofrece de igualdad al mundo entero"*.

Chamado á orde no pazo arcebispa, case o comen. Antropofaxia negativa, off course. E o amigo Murguía escribiu anos despois: "O que non lograron estudantes e artesáns, conseguíuno un pobre verso".

Velaí os nosos poderes. Un banquete de igualdade. E un pobre verso.